PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/04/2024 14:52:31
Nº Rexistro: 263
Data envio: 05/04/2024 14:52:31.319

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2024, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento

4.1. Recursos humanos

4.1.5. Ampliación da lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia.

Por acordo do 8 de xullo de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou as bases e convocou probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior. (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019). A base décima. Lista de espera para substitucións, dispón: *"As persoas incluídas na listaxe definida na base 7.1 que non superaron o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas."*

A base sétima no seu punto 1, recolle que *"Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia."*

En consecuencia, a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia está formada por aquelas persoas aspirantes que superaron os catro exercicios da oposición.

Na actualidade, ao estar xa esgotada a posibilidade de chamamento das persoas incluídas na antedita lista de espera e debido á imposibilidade de cobertura de postos do Corpo Superior mediante os procedementos ordinarios de selección, ponse de manifesto a necesidade de aumentar de forma urxente a relación das persoas aspirantes incluídas nas listas de espera do grupo A, para dar resposta inmediata as necesidades de persoal desta Administración coa incorporación de persoal interino que preste servizos temporais, polo tempo necesario ata a cobertura definitiva dos postos.

Por todo iso, vista a proposta do Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Mesa acorda:

1º) Ampliar a lista de espera do Corpo Superior do Parlamento de Galicia, incorporando á devandita lista de espera as persoas aspirantes das probas selectivas convocadas por Acordo do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019) que superaron o primeiro exercicio. Sen prexuízo do dereito que lles asiste para a súa exclusión de conformidade coa normativa de aplicación.

CSV: REXISTRO-QGwtSSfVI-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º) Que só se proceda ao chamamento das persoas incluídas nesta ampliación da lista de espera cando non estea dispoñible ningunha das persoas aspirantes da lista orixinal.

3º) Publicar a ampliación da lista de espera do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia que figura como Anexo a este Acordo.

4º) Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.04.05 14:51:51 +02'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: REXISTRO-QGwtSSfVI-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/04/2024 14:52:31
Nº Rexistro: 263
Data envio: 05/04/2024 14:52:31.319

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 05/04/2024 14:51:51

CSV: REXISTRO-QGwtSSfVI-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/